



biblioteca virtual
de literatura universal en galego

<http://www.bivir.com>

O MONOGRAMA

Odysseas Elytis

Tradución ó galego de Xiao Roel

Título orixinal: To Monόγραμμα



Asociación de
Tradutores Galegos

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2008

© da tradución, Xiao Roel, 2008

Levarei loito sempre -óesme?- por ti, so, no Paradiso.

I

Voltará para outro sitio as raias
da man, o fado, como carceleiro
por un intre consentirá o Tempo

De que outro xeito, pois se aman os homes

Representará o ceo as nosas entrañas
e a inocencia mallará no mundo
coa dureza da noite negra.

II

Enloito o sol e enloito os anos que ven
sen nós e canto o que acaeceu
se é verdade

Solicitados corpos e as barcas que ciaban docemente
as guitarras que se acenderon baixo as augas
os “creme” e os “non”

un no ar, outro na música

Dous animais pequenos, as nosas mans
que pedían subir ás agachadas unha na outra
o testo coa xiada nas abertas cancelas
e os cachos dos mares que viñan xuntos
por riba dos cercados, por detrás das sebes
até a anémona que sentou na túa man
e tremía tres veces o malva tres días sobre as cataratas

Se todo é verdade canto
a trabe de madeira e a lámpada tetrágona
na parede, a Gorgona de cabeleira solta
a gata que nos ollaba entre as sombras

Neno co incenso e coa vermella cruz
contra a hora que atardece no inacesíbel dos penedos
enloito a roupa que toquei e veume o mundo.

III

Así falo de ti e de min

Porque te amo e no amor sei
entrar como a Lúa chea
por todas partes, do teu pequeno pé nas enormes sabas
desplumar xazmíns -e teño a forza
adormentada, soprar e andarte
por pasaxes brillantes e secretos do mar
árbores hipnotizadas con arañas que fan prata

Teñen ouvido as ondas
como aloumiñas, como bicas
como dis marmuriando o “qué” e o “ah”
arredor da gorxa da baía
sempre nós a luz e a sombra

Sempre ti a estrela e sempre eu o sombrizo baixel
sempre ti a ponte e eu o fanal dereito
o dique mollado e o relampo antes nos remos
arriba na casa cos sarmentos
as atadas rosas, a auga a se xear
sempre ti a estatua pétreo e sempre eu a sombra que medra
o poxigo fechado ti, a airexa que o abre eu
porque te amo e te amo
sempre ti a moeda e eu a adoración que paga:

Tanta noite, tanto clamor no vento
tanta pinga no ar, tanto silencio
arredor do mar a despótica
cámara do ceo coas estrelas
tanto alento tan pequeniño

Que xa non teño máis nada
entre catro paredes, o teito, o chan
que falar de ti e baterme a miña voz
e olerte e os homes enfádanse
porque o non probado e o traído doutro sitio
non o aturan os homes e é cedo, escóitame
é cedo aínda neste mundo meu amor

Falar de ti e de min.

IV

É cedo aínda neste mundo, escóitame
non teñen amencido os miragres, escóitame
o meu sangue perdo e o afiado, escóitame
coitelo
como esporón que corre por entre os ceos
e creba as ponlas das estrelas, escóitame
son eu, escóitame
posúote e percórrote e póñoche
o brando traxe-de-voda de Ofelia, escóitame
ónde me deixas, a ónde vas e quén, escóitame

A túa man colle por riba dos cataclismos

As enormes lianas e dos volcáns as lavas
ha de vir o día, escóitame
de enterrarnos e mil anos despois, escóitame
hannos convertir en pedras relampantes, escóitame
para que brille sobre elas a crueldade, escóitame
dos homes
e nos boten en mil cachos, escóitame
á auga un a un, escóitame
o meu amargo desacougo mido, escóitame
e é o tempo unha grande igrexa, escóitame
onde algunha vez as imaxes, escóitame
dos Santos
deixan saír bágoas verdadeiras, escóitame
as campás abren arriba, escóitame
un vieiro fondo para eu pasar
agardan os anxos con candeas e salmos funerais

a ningures vou, escóitame

Ou ninguén ou os dous xuntos, escóitame

Esa flor da treboada e, escóitame

do amor

dunha vez para sempre curtamos, escóitame

e o dar florecido noutro sitio, escóitame

non é a terra, non é o ar

que tocabamos, o mesmo, escóitame

E ningún xardineiro foi feliz noutros tempos

Por tanto inverno e por tanto norte, escóitame

abanearía a flor, só nós, escóitame

no medio do mar

co so desexo do amor, escóitame

erguemos a illa toda, escóitame

con furnas e con puntas e caivancas florecidas

escoita, escoita

quen fala ás augas e quen chora -escoitas?

quen percura o outro, quen berra, -escoitas?

son eu quen clamo e son eu quen choro, escóitame

ámote, ámote, escóitame.

V

De ti eu falei nos vellos tempos

con sabias nodrizas e revoltados veteranos

de por que será que tes a tristura da besta

o centileo na faciana da auga tremecente
e por que, din, terei de ir ao teu carón
que non quero amor senón que quero o ar
tamén quero a agallopada do mar ergueito sen máscara

E ninguén sentíu falar de ti
de ti nen o freixo nen o cogumelo
na parte alta de Creta nada
de ti só quixo Deus que a man me levase

Ademais aquí, alí tamén atento sempre á curva
da faciana da area, aos seos, aos cabelos
a ondearen no outeiro da esquerda

O teu corpo na postura do piñeiro senlleiro
ollos de orgullo, dentro da casa coa vella cómoda
os amarelos bordados e a madeira de alciprés
só hei agardar onde te amosares
arriba no faiado ou detrás nas laxes do patio
co cabalo do Santo e o ovo de Pascua

Como un mural estragado
grande como te quixo a vida pequena
a conteres no corniño o estentóreo lampo volcánico

Ti de quen ninguén viu nin sentiu
nada nas soidades de casas esbroadas
nin o devanceiro enterrado por riba do valo
de ti, nin a vella con todas as súas herbas

De ti só eu, quizais, e a música
que dentro de min persigo e se fai máis potente
de ti o peito sen forma dos doce anos

debruzado sobre o futuro co cráter vermello
que se acha no corpo e que fura o recordo
e velaí a terra, velaí as pombas, velaí a nosa vella terra.

VI

Vin moitas cousas a terra dentro do meu pensamento seméllame máis fermosa
máis fermosa no vapor dourado
a pedra afiada, máis fermoso
o azul dos istmos e os teitos das ondas
máis fermosas as raiolas polas que sen pisar pasas
invencíbel como a Deusa de Samotracia nos montes do mar

Tanto te ollei que abonda
con que o tempo todo se declare inocente
no sulco que o teu paso deixa
seguir como golfiño principiante

E que xogue co branco e o azul a miña alma!

Vitoria, vitoria onde fun vencido
antes polo amor e agora
como reloxo e como peixe-de-seda
camiñaba, camiñaba e véxome perdido

So, e é o chan do que collo un neno recién nado
so, e son eu a patria que vai de loito
e é a palabra que mandei para che coller unha folla de loureiro
so, o ar potente e so a redonda
pedra na pestana do abismo escuro

o pescador que subiu e botou de novo detrás do tempo o Paradiso!

VII

No Paradiso teño asinalado unha illa
idéntica a ti e unha casa no mar

Con leito grande e porta pequena
teño botado nas profundidades un eco
onde contemplarme ao acordar cada mañá

E medio ollarte a entrares na auga
e medio chorarte no Paradiso.